



RESOLUCIÓN DO 15 DE SETEMBRO DE 2016 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE ESTABECE A MODALIDADE DE TELEFORMACIÓN PARA Á OBTENCIÓN DA TITULACIÓN PROFESIONAL NÁUTICO-PESQUEIRA DE MARIÑEIRO PESCADOR

ANTECEDENTES

Debido a necesidade de compatibilizar a vida profesional e persoal coa formación, a Consellería do Mar desenvolveu a modalidade da teleformación para os cursos de mariñeiro/a pescador/a, e dado os bos resultados de convocatorias anteriores continuase ofertando este tipo de modalidade de formación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- No Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, no seu artigo 9 indica que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro exercerá a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras
- Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro
- A Orde do 31 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 2 que a autorización, organización, seguimento, control e avaliación dos cursos e actividades formativas reguladas nesta orde, correspóndenlle á Consellería en materia de pesca a través da dirección xeral con competencias en materia de ensino náutico e marítimo-pesqueiro

Así mesmo, a disposición derradeira primeira desta orde faculta á dirección xeral con competencias en materia de ensino náutico e marítimo-pesqueiro para ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento

- Todo isto, sen prexuízo do establecido no artigo 32 e seguintes do Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira, no relativo aos cursos para a obtención dos certificados de profesionalidade, solicitados e organizados por entidades públicas ou privadas debidamente recoñecidas e autorizadas por esta consellería
- Orden do 28 de novembro de 2007, que regula a composición dos tribunais para a obtención de titulacións marítimo-pesqueiras e náutico-deportivas e a derogación de determinados preceptos das ordes do 30 de xullo e 8 de setembro de 1998

Por todo o anteriormente indicado, esta dirección xeral RESOLVE:



Primeiro. Establecer a modalidade de teleformación para obter a titulación profesional náutico pesqueira de mariñeiro/a pescador/a segundo o artigo 3 da Orde do 31 de xullo de 2014

A teleformación e o seguimento vía web do curso de mariñeiro/a pescador/a, farase a través do seguinte enlace: "Aula virtual" do portal de formación da Consellería do Mar URL: <http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/aula-virtual> e, contarase coa asistencia titorial do curso co obxecto de resolver as dúbidas que poidan xurdir cos seus contidos.

Segundo. Condicións de acceso ao curso de mariñeiro/a pescador/a na modalidade de teleformación

As condicións de acceso están recollidas no artigo 4 da Orde do 31 de xullo de 2014

Tamén é necesario que as persoas usuarias da plataforma dispoñan dunha conta de correo electrónico persoal e que os seus PC cumpran os requisitos mínimos recomendables que están establecidos na aula virtual do portal de formación da Consellería do Mar e que é a seguinte URL: <http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/aula-virtual>

As persoas solicitantes para acceder ao curso na modalidade de teleformación terán que darse de alta na plataforma como usuarias (<http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/matricula>), rexistrarse e prematricularse no curso de mariñeiro/a pescador/a. Non se aceptará a inscrición dun participante en convocatorias diferentes do mesmo curso. Si se detecta que un participante incorre neste aspecto, anularase a súa inscrición.

A prelación de admitidos/as será a establecida en función da hora e do día da prematricula.

Se creará unha lista de reserva por rigoroso orde a partir da última persoa admitida. A lista de reserva poderá utilizarse en caso de producirse baixa na inscrición.

Terceiro. Prazos e documentación para formalizar a matrícula

Establécese un prazo de matrícula de 10 días naturais a partir do día seguinte que se fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas no curso na mesma dirección en que fixo a prematricula (<http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/matricula>)

A documentación que acheguen as persoas inscritas teñen que ser orixinais ou no seu lugar copias cotexadas en organismos oficiais por persoal funcionario das administracións públicas, ademais de ter cumpridos os 16 anos de idade.

A documentación necesaria para matricularse no curso aparece no artigo 4 da Orde do 31 de xullo de 2014 e que é a seguinte:

- 1 Solicitude segundo modelo que figura como anexo II e III da Orde do 31 de xullo de 2014
- 2 Focopia do NIF do/a solicitante, no caso de non autorizar a consulta no Sistema de Verificación de Datos do Ministerio de Presidencia, segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro (DOG do 13 de novembro de 2008) e a Orde do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve (DOG do 10 de xullo de 2009).
- 3 Declaración responsable de posuír aptitude para realizar unha proba de natación previa á realización do exame de coñecementos teórico-prácticos (marcar na solicitude).



4 Acreditar unha formación mínima mediante calquera dos seguintes medios:

- ✓ Certificación expedida pola consellería con competencias en materia educativa ou por unha administración educativa equivalente do Estado de ter superado o nivel 1 de ensinanzas básicas iniciais ou certificado equivalente
- ✓ Certificado de ter superado un curso de alfabetización en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido por unha entidade pública ou privada.
- ✓ Declaración responsable da persoa solicitante de ter coñecementos básicos de lecto-escritura en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o modelo publicado no portal web de formación da consellería con competencias en materia pesqueira. No caso de achegar este último documento, a entidade organizadora poderá comprobar que se cumpren os aspectos da declaración mediante unha proba de lecto-escritura. De non superar a dita proba, o/a alumno/a será dado de baixa do curso (marcar na solicitude).

Tamén deberán achegar coa documentación o xustificante de ter aboado as taxas de exame correspondentes, cuxos códigos son os seguintes:

Código da taxa- 30.19.00

Consellería do Mar- código: 12

Delegación de Servizos Centrais- código: 13

Servizo de Ensino- código: 05

Importe: 17,87€

Cuarto. Presentación de documentación

As solicitudes poderán presentarse nas xefaturas territoriais e comarcais da Consellería do Mar ou por calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se a documentación presentada non é a correcta, se lle requirirá a documentación necesaria para poder subsanar o seu expediente e proceder a súa alta no curso. Se non se produce a corrección no prazo mencionado no requirimento, entenderase que desiste da súa petición, tal como establece a lexislación vixente.

O listado definitivo de persoas admitidas e excluídas publicarase no portal web de formación da Consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/matricula>) e nos taboleiros de anuncios dos centros de ensino e das delegacións territoriais e comarcais da Consellería do Mar.

As persoas admitidas ao curso se lles comunicará a confirmación da matrícula mediante unha mensaxe ao seu correo electrónico e se lles activará unha clave para que podan entrar como usuario/a ao curso na “aula virtual”.

Quinto. Duración do curso e número de prazas

A duración do curso non será inferior a 50 horas lectivas.

O número de prazas ofertadas por convocatoria pública estará comprendido entre un mínimo de 15 e un máximo de 60 prazas.



Sexto. Requisitos para acceder ao exame final do curso de teleformación de mariñeiro/a pescador/a

Unha vez rematado o curso de teleformación se realizará un exame final ante un tribunal, tal como se establece nos artigos 14 e 15 da Orde do 26 de setembro de 2008, sendo necesario para presentarse a esta proba cumprir cos seguintes requisitos:

- Será obrigatorio revisar todos os módulos multimedia, así como realizar os correspondentes cuestionarios tipo test que se poderán facer todas as veces que sexa necesario e sen límite de tempo; sendo a nota final a cualificación máis alta dos intentos realizados. É necesario ter nos cuestionarios un 50% de respostas correctas.
- Ademais será necesario, o día do exame final, superar unha proba de natación para poder realizar o exame.

A data e hora do exame será publicada na plataforma de formación da Consellería do Mar. As persoas que non superen o exame ou non poidan presentarse por motivos xustificadas, disporán dunha segunda convocatoria de exame, logo de autorizalo o servizo de Ensino e Titulacións Náutico Pesqueiras.


Sétimo. Esta resolución anula a resolución do 29 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se establece a modalidade de teleformación para a obtención da titulación profesional náutico-pesqueira de mariñeiro pescador.

Oitavo. Recursos

Contra a presente resolución poderán os/as interesados/as interpor recurso de alzada perante a conselleira do Mar, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de formación da Consellería do Mar URL: <http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/informacion-do-alumnado/titulacions-nautico-pesqueiras>

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2016

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Susana Rodríguez Carballo